



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

7.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO SOCIAL DA LINGUA GALEGA.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 29 de decembro de 2003, aprobou inicialmente o texto proposto polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Galeguista (daquela Democracia Progresista Galega), co texto que se transcribe no devandito acordo e así como sometelo ao trámite regulamentario de información pública para a presentación de emendas e alegacións.

Durante o prazo sinalado no edicto do Concello publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 35, correspondente ao día 20 de febreiro de 2004, non se presentou no Rexistro Xeral deste Concello ningunha reclamación nin suxestión.

No expediente figuran informes de data 12 de abril, emitido pola técnica de Normalización Lingüística, Sra. Souto González, e mais de data 4 de xuño, emitido polo titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

Polo exposto, con data 16 de decembro de 2004, o concelleiro delegado da área de Asuntos Sociais, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 20 de decembro de 2004, dáse por enterada do expediente.

(No momento da votación está ausente o Sr. Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar definitivamente a creación do Consello Social da Língua e do seu regulamento, aprobado inicialmente en sesión plenaria do 29 de decembro de 2003, co texto que se transcribe de seguido.

O CONSELLO SOCIAL DA LINGUA GALEGA DE VIGO

ARTIGO 1.- A finalidade do Consello



Concello de Vigo

O Consello Social da Lingua Galega de Vigo (en adiante CSLGV) é o órgano que o Concello de Vigo ten pra o seu asesoramento, consulta e participación na política lingüística, ata conseguir que o galego sexa usado decote pola práctica totalidade da poboación viguesa.

ARTIGO 2.- As funcións

Son funcións do Consello:

- a) Avaliar os obxectivos e os resultados da política lingüística do Concello. Para acadar eses fins, o Consello elaborará anualmente un ditame sobre todas as actuacións impulsadas, ou realizadas por instancia do Concello.
- b) Estudar e analizar, por instancia da Comisión Especial de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, as cuestións relacionadas co fomento e mais a promoción da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade.
- c) Ditaminar sobre os proxectos de instrumentos de planificación lingüística xeral que teñan que ser aprobados polo Concello.
- d) Propoñerlle ao Concello a elaboración de estudos ou ditames, cara a adopción de medidas axeitadas pra normalizar a lingua galega.

ARTIGO 3.- A composición

O Consello terá a composición seguinte:

- a) A Presidencia, que será exercida polo alcalde de Vigo.
- b) Unha Vicepresidencia Primeira, que será exercida polo concelleiro/a de Normalización Lingüística.
- c) Unha Vicepresidencia Segunda que será exercida por un membro da Real Academia Galega.
- d) Unha persoa responsable da Secretaría, nomeada polo alcalde.
- e) Un membro de cada Grupo Político Municipal.
- f) Tres persoas de recoñecida competencia na normalización lingüística, nomeadas polo alcalde.
- g) E polos seguintes vogais:

O Sr. presidente da Fundación Penzol, ou persoa en quen delegue.

O Sr. xerente da Fundación ProVigo

Un por proposta da Dir. Xeral Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Un por proposta do Sr. Rector da Universidade de Vigo.

Un por proposta do Sr. xuíz decano de Vigo.

Un por proposta do Sr. delegado da Zona Franca de Vigo.

Un por proposta do Sr. presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.

Un por proposta do Sr. presidente da Cámara de Comercio de Vigo.

Un por proposta da Confederación de Empresarios.

Un por proposta do Club Financeiro de Vigo.

Un por proposta do Sr. presidente do Instituto de Estudos Vigueses.



Concello de Vigo

Un por proposta de Caixanova.
Un por proposta do R.C. Celta.
Un por proposta do Bispado de Vigo.
Un por proposta de CCOO.
Un por proposta da CIG.
Un por proposta da UXT.
Un por proposta das organizacións veciñais.
Un por proposta das asociacións de inmigrantes de Vigo.

ARTIGO 4.- As persoas vogais

4.1. As persoas vogais do CSLGV serán nomeadas por decreto do Alcalde de Vigo por un período de catro anos e, de ser o caso, serán membros das institucións que os nomean.

4.2. O cesamento como vogais do CSLGV farase tamén mediante un decreto, que estará determinado por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia persoal dalgún dos seus membros.
- b) Cando se trate de persoas que representen a institucións ou corporacións, por acordo expreso do órgano que as propuxo, que terá que facer a oportuna proposta de substitución para que poida acadar eficacia.
- c) Se se trata das persoas vogais de libre designación do alcalde, será este o que cubra a vacante con outro nomeamento alternativo inmediato.

4.3. A condición de vogal do CSLGV é indelegable.

4.4. As persoas que asuman a condición de vogais están obrigadas a asistir normalmente ás reunións para as que sexan convocadas, co gallo de realizaren as tarefas que se lles poidan encomendar.

ARTIGO 5.- Os órganos do Consello

Os órganos colexiados do CSLGV son:

- a) O Pleno.
- b) A Comisión Permanente.
- c) Os Relatorios Sectoriais e os Relatorios Especiais.

ARTIGO 6.- O Pleno

6.1 Compoñen o Pleno as persoas que posúan a titularidade da Presidencia, das Vicepresidencias, os vogais e a persoa responsable da Secretaría.

6.2. Son funcións do Pleno:



Concello de Vigo

- a) Aprobar os informes sobre os proxectos de instrumentos de planificación lingüística xeral que teñan que ser aprobados polo Concello.
- b) Aprobar o ditame que avalíe as actuacións de política lingüística realizada cada ano polo Concello.
- c) Aprobar os traballos a que se refire o art. 8.3.
- d) Coñecer e tomar conta das propostas ou recomendacións da Comisión Permanente.
- e) Elaborar e aprobar as normas de réxime interno do CSLGV.
- f) Constituír os Relatorios Sectoriais e os Especiais que se consideren convenientes.
- g) Aprobar a memoria anual de actividades do CSLGV.

6.3. O Pleno reunirase cando menos dúas veces no ano e sempre que o determine a Presidencia ou o solicite unha terceira parte dos seus membros.

6.4. A orde do día dos plenos será fixada polos vicepresidentes, co visto e prace da Presidencia, e a convocatoria será expedida pola Secretaría do CSLGV.

6.5. No caso de que a convocatoria se faga por petición de máis dun terzo dos seus membros, estes remitiranlle á Secretaría a orde do día que se deberá tratar no Pleno.

ARTIGO 7.- A Comisión Permanente

7.1. Será presidida polo concelleiro ou concelleira responsable de Normalización Lingüística no Concello.

7.2. Compoñen a Comisión Permanente os dous vicepresidentes, os membros nomeados directamente polo alcalde, dúas persoas vogais designadas polo Pleno, dous vogais da cota de representación institucional e mais a persoa responsable da Secretaría.

7.3 Son funcións da Comisión Permanente:

- a) Elaborar o dictame que avalíe as actuacións de política lingüística realizadas cada ano polo Concello, pra sometelas á aprobación do Pleno do CSLGV.
- b) Asesorar ao concelleiro/a de Política Lingüística nas cuestións que este considere convenientes.
- c) Coñecer e valorar os estudos que realice ou obteña a Concellaría de Normalización Lingüística referidos á evolución do coñecemento e uso do galego nos diversos sectores institucionais ou de sectores da poboación.
- d) Propoñerlle ó Pleno a creación de relatorios sectoriais ou especiais.
- e) Facer o seguimento do estado do cumprimento dos acordos do Pleno e propoñerlle á Comisión Especial de Normalización Lingüística do Concello as medidas axeitadas para realizalo.
- f) Elaborar a memoria anual de actividades do CSLGV para lla presentar ao Pleno.
- g) As outras de carácter ordinario non reservadas ao Pleno.



Concello de Vigo

7.4 A Comisión Permanente reunirse cando menos unha vez cada tres meses, e sempre que o determine a súa Presidencia ou o solicite como mínimo un terzo das persoas que a integran.

7.5 A Comisión Permanente elixe as persoas máis idóneas para actuaren como relatores, para que expoñan e defendan perante o Pleno a proposta de ditame avaliativo da memoria do CSLGV, as dos Relatorios Sectoriais ou Especiais, e calquera outro documento que se lle presente.

7.6 A perda da condición de membro do Pleno do CSLGV comporta a perda da de membro da Comisión Permanente.

ARTIGO 8.- Os Relatorios Sectoriais e os Relatorios Especiais

8.1. Os Relatorios Sectoriais e os Especiais son instrumentos de traballo do CSLGV que se crean por acordo do Pleno, que é quen determina o obxecto, o funcionamento e a súa composición.

8.2. Compoñen os Relatorios Sectoriais e os Especiais un mínimo de tres persoas vogais designadas polo Pleno. Cando a compoñan máis de tres persoas, poderán formar parte deles persoas que non sexan membros do CSLGV, sempre que se teñan distinguido no campo científico ou profesional co que estea relacionado o obxecto do traballo do relatorio. O número de persoas nomeadas polo Pleno non pode ser superior ao número de vogais do CSLGV que compoñen o relatorio.

8.3. Será función xenérica dos Relatorios Sectoriais e dos Especiais a de auxiliaren ó Pleno ou á Comisión Permanente no cumprimento das súas funcións, así como a realización de estudos, ditames ou planos de actuación específicos en relación coa situación e o fomento do uso e a presenza do galego nun sector de actividade, en relación cun territorio, ou con actuacións ou situacións concretas de diverso tipo.

ARTIGO 9.- Participación externa

9.1. Se así o dispón a Presidencia a pedimento dalgunha persoa membro do CSLGV, poderán participar nas sesións do Pleno e da Comisión Permanente e nos Relatorios, con voz e sen voto, persoas ou técnicos doutras institucións, para informaren de cuestións ou feitos concretos relacionados coa política lingüística.

9.2. Así mesmo, a Presidencia poderá solicitar a presenza e a colaboración doutras administracións, institucións, organizacións, personalidades ou técnicos, co obxectivo de obter información sobre cuestións específicas.

ARTIGO 10.-A Secretaría



Concello de Vigo

10.1 A persoa que teña ao seu cargo a Secretaría poderá ser nomeada, e de ser o caso substituída, cando o estime conveniente o concelleiro/a responsable da Vicepresidencia Primeira.

10.2 Son funcións da persoa titular da Secretaría do Consello:

- a) Organizar as reunións do Pleno, da Comisión Permanente e dos Relatorios, así como de preparar a documentación que se lle remita.
- b) Coordinar as persoas que sexan membros e colaboradores do CSLGV entre eles, con outras institucións ou cos organismos pertinentes.
- c) Coordinar tecnicamente os traballos do CSLGV cos órganos administrativos do Concello pertinentes en materia de política lingüística.
- d) Redactar as actas das reunións.
- e) Levar un rexistro de entrada e saída de documentos.

ARTIGO 11.-Os medios humanos e materiais

A Concellaría de Normalización Lingüística, a través da súa propia estrutura, garantirá os medios humanos e materiais necesarios para o bo funcionamento do CSLGV e procurará a difusión na sociedade, do mellor xeito posible, dos seus ditames e traballos.

E para que así conste e para os efectos, expide esta certificación de orde e co visto e praxe da Excm. Sra. alcaldesa, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a dez de xaneiro do ano dous mil cinco.

kv.

Vº e Praxe
A ALCALDESA

Corina Porro Martínez